



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Villardebós I, 2, Arzádegos, Villardebós

CD 202, 16 - 18/19

Concha 48 anos
Felipa 45 "
(analfabetas)

I, 2, 321 20) Miña mai e mais a túa (eu quería-me)

forons'ónha romaría
/: i a túa como é galdropa
comeulle a merenda á miña. :/

321 21) /: Miña sogra morreum'onte
enterreina no palleiro, :/
/: deixei-lle un brazo fora
pra que tocas'o pandeiro. :/

12 343. 22) Sei tocar e sei bailar,
sei tocar a pandareta,
i-o señor qu'a min me leva
leva música completa.

12

Rosiña e Anselma (= Leonor)

IV 5 a3

18 19 345 1) A Rosiña do Tanxeiro (ui, ai, ai)
er'ónha gran costureira
/: i un día 'staba cosendo ui, ai, ai
no cuartoño da palleira. :/

2) O qu'ela 'staba facendo
unhas braghas i un sustén
/: cuando i-os fui a probar ui, ai, ai
por ver si lle estaban ben. :/

3) Anselme da Vilanova
er'ò novio qu'ela tiña
/: foise por trás dunhas rexas ui, ai, ai
por ver se qu'ela facía. :/

4) /Anselmo o ver aquilo /
xa non se tiña de pé:
/: "Raios te parta, Rosiña, ui, ai, ai
que pernas más blancas tés. :/

5) Raios te parten, Iselme,
e más quen te troxo aquí
/: que se non fosen as bragas ui, ai, ai (foran)
vías'a capital de Madrí. :/

6) O rapaz non tiña idea
de casarse coa rapaza
/: porque non lle tiña dote ui, ai, ai
non lla querían na casa. :/